

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Teorías do espectáculo e da comunicación
<b>DISCIPLINA</b>	Teorías do espectáculo II
<b>TITULACIÓN</b>	Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Dirección escénica e dramaturxia
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	1º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3
<b>CARÁCTER</b>	Formación básica
<b>DEPARTAMENTO</b>	Teoría e historia das Artes escénicas
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Santiago Prego Cabeza
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Santiago Prego Cabeza <b>Horario titorías:</b> <a href="http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas">http://www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas</a> <b>Despacho:</b> Departamento Teoría e historia das Artes escénicas <b>Contacto:</b> santiprego@edu.xunta.es
<b>DESCRICIÓN</b>	Principios teóricos e dimensión práctica da comunicación escénica e audiovisual no ámbito da dirección. Estudo práctico dos principios da linguaxe escénica e audiovisual. Análise práctica da creación escénica e audiovisual como fenómenos comunicativos: aspectos estéticos e semiolóxicos. Análise práctica de espectáculos e procesos metodolóxicos da crítica.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Non se establecen
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer, identificar e valorar os trazos diferenciais das artes escénicas	T8, X6

como manifestacións artísticas e socioculturais.	
2. Construír unha visión persoal, artística e científica do feito escénico nunha perspectiva estética e comunicativa.	T14, X5, X6, ED1
3. Coñecer, identificar e valorar as artes do espectáculo nunha perspectiva fenomenolóxica considerando as diferentes configuracións históricas, culturais e xeográficas que presentan.	T8, X6, ED1
4. Coñecer, indetificar e valorar as diferentes modalidades, xéneros e estilos no eido da creación escénica e audiovisual.	T8, X6, ED1
5. Coñecer as diferentes teorías que se ocupan do estudo do campo cultural, así como os principios básicos da teoría xeral de sistemas.	T8, X7
6. Identificar e valorar os elementos e axentes dos sistemas cultural e escénico galego, nunha perspectiva histórica e actual.	T3, X7
7. Coñecer e valorar as dinámicas propias dos diferentes modelos de política cultural e escénica.	T3, X7
8. Coñecer e valorar as diferentes teorías escénicas que se teñen formulado nunha perspectiva histórica e considerar as súas implicacións nos planos diacrónico e sincrónico.	T3, X6, ED1, ED3
9. Aplicar o potencial explicativo da disciplina no desenvolvemento dunha liña propia de creación.	T3, T8, X5, X6, ED1, ED3

#### 4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS 2hs
1. Comunicación e espectáculo. Aspectos teóricos e sociolóxicos na dramaturxia e dirección.	1. 1. Comunicación e vida cotiá. 1. 2. A anomia 1. 3. Concepto de posmodernidade 1. 4. Tipos de comunicación. Os procesos de recepción. 1. 5. Introducción ás teorías da comunicación.	12
2. Perspectiva antropolóxica sobre a dirección de escena	2. 1. Cultura, linguaxe e arte desde unha perspectiva antropolóxica 2. 2. A liminalidade 2. 3. Os procesos de creación 2. 4 Rito, mímese e identidade	8
3. Tipoloxía dos espectáculos e conceptos clave para a dramaturxia e dirección.	3. 1. Concepto de espectáculo 3. 2. Dramaticidade e teatralidade. 3. 3. Tipoloxía dos espectáculos. 3. 4. A espectacularidade sen espectáculo. 3. 5. Industria cultural e artes do espectáculo	8
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>28</b>

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	4		4
Exposición práctico-teórica	26	10	36
Práctica individual	16	10	26
Práctica colectiva	10	4	14
Titorías individuais		4	4
Actividades de avaliación. Probas / Revisión	4	2	6
<b>TOTAIS</b>	<b>60</b>	<b>30</b>	<b>90</b>

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación de cada núcleo temático da materia indicando competencias a acadar e plan de traballo.
Exposición práctico-teórica	Exposición por parte do profesor dos núcleos temáticos básicos da disciplina a través da consideración e análise de casos prácticos, documentos de diverso tipo e outros materiais. Fundamentación teórica a partir da reflexión.
Práctica individual	Traballos a realizar na aula por parte do alumno, sexa presentacións, preparación de debates ou exercicios específicos
Práctica colectiva	Traballos a realizar na aula en grupo ou en pequeno grupo.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Tutoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Tutoría electrónica	O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo: Con carácter obrigatorio, tódolos alumnos deben realizar un traballo individual de 2.000 palabras sobre un fenómeno espectacular analizado desde a perspectiva da análise conceptual (sociolóxica, antropolóxica, semiolóxica e estética). O traballo deberá ser exposto en clase, e entregado con antelación á exposición.	TODAS	60%
Actitude: Participación activa nas actividades de aula presencial. Asistencia ás titorías.	TODAS	10%
Aula virtual: Participación nas actividades de aula virtual e realización satisfactoria das probas prácticas semanais.	TODAS	30%
8.2 Avaliación específica ordinaria para alumnado que perdera a avaliación continua ou alumnado que, non perdendo a avaliación continua, suspendera o traballo ou as actividades de aula virtual		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo: Deberán realizar un traballo individual de 2.000 palabras sobre un fenómeno espectacular analizado desde a perspectiva da análise conceptual (sociolóxica, antropolóxica, semiolóxica e estética)	TODAS	50%
Exame: Deberán realizar un exame que incluíra os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo.	TODAS	50%
8.3. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá ben	TODAS	100%

<p>nun exame que incluíra os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo, ou ben nun traballo individual de 2.000 palabras sobre un fenómeno espectacular analizado desde a perspectiva da análise conceptual (sociolóxica, antropolóxica, semiolóxica e estética). Será o docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso en función das carencias que se detecten no alumno, así como se o traballo será unha mellora do presentado anteriormente ou se debe ser un traballo completamente diferente.</p>		
---	--	--

### 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

#### Referencias básicas

- KOWZAN, T. (1997): El signo y el teatro. Madrid, Arco.  
 ROUBINE, Jean-Jacques (2003): Introducción ás grandes teorías do teatro. Editorial Galaxia, S.A.  
 TATARKIEWICZ, W.: Historia de seis ideas. Tecnos.  
 VIEITES, Manuel F. (2003): *A configuración do sistema teatral galego*, Compostela, Laiovento.

#### Referencias complementarias

- ARISTÓTELES (1999): Poética, A Coruña, Bahía  
 BARBA, Eugenio; Savarese, Nicola (1991): The secret art of the performer, Londres, Routledge.  
 BOURDIEU, Pierre (2005): *Las reglas del arte*, Barcelona, Anagrama.  
 CARLSON, Marvin (2005): *Performance. Introducción crítica*, Vigo, Galaxia.  
 DANTO, A.C. (2005): El abuso de la belleza. Paidós, Barcelona.  
 FISCHER-LICHTE, Erika (1999): *Semiótica del teatro*, Madrid, Arco Libros.  
 GARCÍA BARRIENTOS, J.L. (2003): Cómo se comenta una obra de teatro. Madrid, Síntesis.  
 OLIVA, C. e TORRES MONREAL, F.: Historia básica del arte escénico. Cátedra, 2006  
 PAVIS, Patrice (1990): Diccionario del teatro, Barcelona, Paidós.  
 PRUNER, Michel (2006): A Fábrica do teatro. Vigo, Editorial Galaxia, S.A.  
 SABINO, Carlos (1992): El proceso de investigación, Lumen, Buenos Aires. Edición dixital na páxina do autor <http://paginas.ufm.edu/sabino/libros/index.html>  
 SANCHEZ, J. A. (ed.): La escena moderna. Akal, 1999  
 SÁNCHEZ, José Antonio (2002): *Dramaturgias de la imagen*, Cuenca, Universidad Castilla-La Mancha.  
 SCHECHNER, Richard (2002): Performance Studies: An Introduction, Londres, Routledge.  
 TATARKIEWICZ, W.: Historia de la Estética. 3 vols. Akal, 1997.  
 VIEITES, M. F. [coord.] (2008) *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego*. Vigo: Galaxia - ESAD

### 10. OBSERVACIÓNS

- O programa pode ser sometido a variacións en función de acordos tomados de común acordo entre as partes  
 Os traballos presentados fora de prazo non serán avaliados  
 O plaxio nos traballos terá como consecuencia o suspenso na materia  
 En función da dispoñibilidade dos recursos poderás reempresar o seguimento da avaliación continua a través da aula virtual polo seguimento na aula presencial  
 Con carácter obrigatorio todos os alumnos deberán asistir a tres fenómenos espectaculares asignados polo profesor

